

2. A CLASIFICACIÓN DA MATERIA

A materia presenta diversas formas na natureza. Segundo as características da súa composición, a materia pode clasificarse en dúas categorías: **substancias puras** e mesturas.

AS SUBSTANCIAS PURAS

Substancia pura é aquela que ten unha composición constante.



Segundo se poidan descompoñer ou non, as substancias puras clasifícanse en:

Elementos

Non poden descompoñerse noutras substancias máis sinxelas.

OURO



ALUMINIO



CLORO



GRAFITO



FERRO

Compostos

Poden descompoñerse noutras substancias máis sinxelas.

ÁGUA DESTILADA



SAL



CUARZO



AMONÍACO



11. Investigade en grupo os seguintes aspectos sobre a materia. Para iso, podedes recorrer á ligazón:



<http://links.edebe.com/v789h>

– Cantos elementos distintos se coñecen na actualidade? Escribe os nomes dos dous elementos máis abundantes no Universo.

- Pescuda o nome do elemento máis abundante da codia e da atmosfera terrestres. Este elemento atópase formando parte dunha substancia vital para a vida. Cal é?
- Investiga sobre outros elementos abundantes da codia terrestre.
- A materia viva tamén está formada por distintos elementos. Escribe os nomes dos máis abundantes.